

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 16 DE FEBREIRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de febreiro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Emilio José Cuiñas Otero e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de febreiro do dous mil nove (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **1.- EXPEDIENTE RIB/S/220.2/07**

“Visto o escrito de dona M<sup>a</sup> del Carmen Santamaría Rey, onde solicita Licenza de obras de reforma e rehabilitación de vivenda unifamiliar, segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 12.02.09 no que se fan as seguintes consideracións:

#### **ANTECEDENTES:**

- 23.11.07.....Solicitante: Presentación de “Proposta de Reforma e Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar”, redactada polo arquitecto D. Idefonso Estévez Martínez.
- 04.12.07.....Solicitante: Presentación de Anexo á “Proposta de Reforma e Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar”, incluíndo seccións.
- 12.12.07.....Solicitante: Presentación de Anexo á “Proposta de Reforma e Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar”, incluíndo nova proposta de alzado frontal e planta primeira reformadas.
- 10.01.08.....Inf. Téc. RIB/S/220/07: - Na Proposta proxéctase a apertura de novos ocos en planta 1<sup>a</sup> e planta 2<sup>a</sup> da fachada principal, dado que se trata dunha edificación con Protección Ambiental, os novos ocos deberán responder á tipoloxía formal da fachada.
- Respecto da documentación entregada:
- Deberá especificarse a escala de representación.
  - Representarase a situación do habitáculo co inodoro existente.
  - No plano de Fachada Posterior do Estado Actual deberá refrexarse a partición existente da carpintería nos ocos de planta segunda.
- Respecto doutras actuacións necesarias que deberán incluírse no Proxecto Técnico:
- Definirase o tratamento superficial do patio interior.

	- Recuperaranse os chanzos das portas de acceso exterior en planta baixa, así como eliminación do elemento metálico no portón.
	- Trasladarase a antena de TV dende a fachada posterior á cuberta.
31.01.08.....	Comisión Seguimento: Préstase conformidade ó informe técnico.
21.02.08.....	Concello: Notificación á propiedade do informe da Comisión de Seguimento.
04.08.08.....	Solicitante: Presentación de “Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación de vivenda”.
29.08.08.....	Inf. Arqueólogo: Necesidade de presentación de proxecto de actuación arqueolóxica.
17.09.08.....	Concello: Remisión do Proxecto á Consellería de Vivenda para solicitude de Excepcionalidade de cumprimento das Normas do Hábitat.
06.10.08.....	Solicitante: Entrega escrito firmado polo arquitecto respecto á que non se van a executar movementos de terra.
06.10.08.....	Inf. Arqueólogo: Informe sobre a non necesidade de cautelas arqueolóxicas.
16.10.08.....	Cª Vivenda: Informe desfavorable á Excepcionalidade de cumprimento das Normas do Hábitat.
22.10.08.....	Concello: Notificación á propiedade do informe da Cª de Vivenda.
31.10.08.....	Solicitante: Entrega “Anexo Reformado á Proxecto” (visado 30/10/2008).
05.11.08.....	Solicitante: Entrega Oficio de Dirección de Execución de Obra e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde.
25.11.08.....	Solicitante: Entrega Memoria Descriptiva reformada, Plano nº 2 reformado, Plano nº 3 reformado (visado 25/11/2008).
28.11.08.....	Concello: Remisión da documentación reformada e do Informe do Técnico Municipal do Hábitat á Consellería de Vivenda para solicitude de Excepcionalidade de cumprimento das Normas do Hábitat.
24.12.08.....	Solicitante: Entrega Plano nº 2 reformado, Plano nº 3 reformado (visado 19/12/2008).
26.12.08.....	Solicitante: Entrega Plano nº 2 reformado, Plano nº 3 reformado (visado 19/12/2008).
26.12.08.....	Concello: Remisión da documentación reformada á Consellería de Vivenda para solicitude de Excepcionalidade de cumprimento das Normas do Hábitat.
20.01.08.....	Cª Vivenda: Informe favorable á Excepcionalidade de cumprimento das Normas do Hábitat.

**INFORME:**

A documentación técnica, “Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación de vivenda” con data de visado do Colexio de Arquitectos de Galicia de 30 de xullo de 2008, “Anexo Reformado á Proxecto” (visado 30/10/2008), Documentación modificada (visada 25/11/2008) e planos modificados (visados 19/12/2008), está redactada polo arquitecto D. Ildefonso Estévez Martínez, estando o seu cargo a Dirección das Obras.

Preséntase Oficio de Dirección da Execución Material das Obras e Oficio de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde, a cargo do arquitecto técnico D. Amando Canitrot Pérez.

Conta con informe favorable do Arqueólogo Municipal.

A documentación técnica que se presenta da resposta ó requirido pola Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I. de data de 31 de xaneiro de 2008.

**Contando co Informe Favorable respecto da Excepcionalidade ó cumprimento das Normas do Hábitat Galego, da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Consellería de Vivenda e Solo – Xunta de Galicia.**

**As obras a realizar consisten na actuación integral da edificación destinada á vivenda unifamiliar, de planta baixa e dúas plantas altas, consistente na substitución dalgúns elementos da estrutura horizontal, de madeira, en estado deficiente; distribución completa interior nas citadas plantas, incluíndo as correspondentes instalacións eléctrica e de fontanería, recuperación completa das fachadas, principal e posterior, e da cuberta.**

**A edificación atópase situada dentro da delimitación do Conxunto Histórico de Ribadavia, polo que se entende que está exenta da paralización de Licenzas inherentes á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, apartado f) do acordo de aprobación inicial, xa que no citado documento non se recollen modificacións neste ámbito.**

**As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, Plan Especial de Protección e Reforma Interior, e recollidas no *artigo 21. Obras Permitidas*; manténdose o uso residencial existente, que se inclúe como uso protexido ou recomendado no *Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso das Ordenanzas da citada normativa.***

**Por todo elo, infórmase favorablemente a concesión da correspondente Licenza de Obras, debéndose ter en conta o seguinte:**

- **Non poderá instalarse o panel solar previsto no Proxecto Básico e de Execución, en base ás Directrices da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte – Xunta de Galicia, no Conxunto Histórico *“a instalación de captadores de paneis solares sobre as edificacións non é compatible coa protección, conservación e salvagarda dos valores culturais do conxunto histórico e polo tanto non se adecúan có réxime de protección do Ben de Interese Cultural”.***
- **En base ó Grado de Protección Ambiental da edificación, os contadores de auga e de subministro eléctrico deberán colocarse no interior da edificación, non na fachada como se contempla no proxecto técnico.**

**O Prazo de inicio das obras é de un (1) ano e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión de Licenza de Obras.**

**O Presuposto de Execución Material estimado é de 41.132,34 € (corenta e un mil cento trinta e dous euros con trinta e catro céntimos).**

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.

- 3.- En base a argumentación exposta, en principio a licenza para rehabilitación e reforma de vivenda unifamiliar, trátase dunha obra maior que precisa de proxecto técnico.
- 4.- De acordo co art. 16 do PEPRI ao tratarse dunha obra maior precisaría do dictamen da Comisión de seguimento que foi obtido o 31.01.08 con carácter favorable.
- 5.- De conformidade co art. 21 do PEPRI as obras que se pretenden realizar son obras permitidas e respecto do uso o Capítulo I do Título 6º permite o uso residencial que aparece recollido como protexido ou recomendado
- 6.- Por último como se desprende do informe da arquitecto de data 12.02.09 a actuación que se pretende realizar non está afectada pola suspensión de licenzas.

## **CONCLUSIÓNS**

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para reforma de vivenda.”

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

## 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** reforma e rehabilitación de vivenda unifamiliar.

**Contía na que se orzan as obras:** 41.132,34 €

**Situación e emprazamento das obras:** Porta nova de abaixo nº16, Ribadavia

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don Ildefonso Estévez Martínez.

**Nome ou razón social do promotor:** M<sup>a</sup> del Carmen Santamaría Rey

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 41.132,34 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 1069,44€ a ingresar.

**Condicións técnicas:** Por todo elo, infórmase favorablemente a concesión da correspondente Licenza de Obras, debéndose ter en conta o seguinte:

- Non poderá instalarse o panel solar previsto no Proxecto Básico e de Execución, en base ás Directrices da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte – Xunta de Galicia, no Conxunto Histórico *“a instalación de captadores de paneis solares sobre as edificacións non é compatible coa protección, conservación e salvagarda dos valores culturais do conxunto histórico e polo tanto non se adecúan có réxime de protección do Ben de Interese Cultural”*.
- *En base ó Grado de Protección Ambiental da edificación, os contadores de auga e de subministro eléctrico deberán colocarse no interior da edificación, non na fachada como se contempla no proxecto técnico.*

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

## 2.- EXPEDIENTE RIB/N/28.5/07

“Visto o escrito de don Antero Docampo en repres. de RESIDENCIAL RIBADAVIA, S.A., onde solicita Licenza de obras para rehabilitación de edificio, segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 16.02.09 no que se fan as seguintes consideracións:

### ANTECEDENTES:

- .07.06. Promotor: .....Presentación de “Anteprojecto de Rehabilitación de Edificio”, redactado polo arquitecto D. Manuel Vidal García.
- 20.09.06. Inf. Téc. RIB/S/210/06: Respecto da documentación presentada:
- Representaranse os recercados ocós de planta baixa e pl. 1<sup>a</sup> do alzado principal, así como do oco esquerdo da pl. 2<sup>a</sup>.
  - No alzado posterior, axustarase á realidade a pendente de cuberta dos corpos laterais.
  - Na planta baixa, situarase a carpintería dos ocós exteriores na súa posición real, e debuxarase o portal na súa verdadeira dimensión. Sinalar que a alineación de fachada principal en plantas altas está lixeiramente recuada respecto á alineación de planta baixa, o que deberá representarse na documentación gráfica.

- Na planta 1ª, situarase a carpintería dos ocos exteriores na súa posición real, sendo na fachada principal con apertura ó exterior. Existe contradición entre os ocos dos volumes laterais posteriores sinalados en planta cós que se sinalan nos alzados.

Respecto das Ordenanzas xerais do P.E.P.R.I.:

- Artigo 21.- Obras Permitidas: dadas as características da escaleira, enténdese da necesidade do seu mantemento, posibilidade que se apunta no mesmo Anteproxecto.

- Artigo 29.- Elementos saintes e de coroación de fachadas: beirís, cornixas e petos: Aínda que no Anteproxecto presentado quedan sen definir os aleiros de cuberta, no Proxecto Básico e de Execución que se presente deberán axustarse ás condicións do artigo anterior.

- Artigo 34.- Cubertas: No presente Anteproxecto, modifícase a cuberta respecto á pendente dos faldóns e á altura de cumio; en aplicación o presente artigo e o artigo 20.3 anteriormente citado, deberá manterse a inclinación das cubertas orixinais.

Respecto do lucernario de escaleiras, enténdese como de dimensións inapropiadas para o tipo de edificación, considerándose oportuno a súa diminución.

- Artigo 47.1.- Fachadas: Aparentemente os recercados de planta baixa están executados con morteiro de cemento, de se lo caso deberán eliminarse.

- Artigo 48.- Fachadas Secundarias: En base o presente artigo, respecto a protección da fachada, e a configuración da mesma, infórmase como máis correcto que na planta alta se manteña a alineación actual e asome con acabado enfoscado e pintado.

- Artigo 51.- Carpintería Exterior de Ocos de Fachada: No presente Anteproxecto, modifícanse os ocos e as características da carpintería exterior da fachada posterior; aínda que poda admitirse a ampliación ou apertura de novos ocos exteriores, enténdese da necesidade de conservar ó carácter dos existentes.

- Artigo 60.- Reixas e pechamentos de seguridade en baixos comerciais: No presente Anteproxecto, mantense os capialzados das persianas do local de planta baixa, que deberán de eliminarse.

- Artigo 58. Supresión de cables e antenas: No Proxecto a redactar, deberá facerse referencia á ubicación da antena, que deberá colocarse de forma que sexa o menos visible dende a rúa.

Por outro lado, no Proxecto a redactar, deberá definirse o tratamento do patio posterior, así como do cerramento do mesmo.

28.09.06. Promotor: .....Presentación do "Proxecto Básico de Rehabilitación de Edificio", redactado polo arquitecto D. Manuel Vidal García.

02.10.06. Comisión Seguimento: Informe Proposta: préstase conformidade ó Informe da Oficina de Rehabilitación.

.10.06. Promotor: .....Solicitude de colocación de andamiaxe para retirada de elementos que presentan riscos cara ó vial público.

31.10.06. Inf. Téc. RIB/S/210.1/06: Informe Favorable respecto da colocación de andamiaxe.

14.03.07. Promotor: .....Presentación de "Proxecto de Desmontaxe de Edificio", redactado polo arquitecto D. Manuel Vidal García.

21.03.07. Inf. Téc. RIB/N/28/07: Informe Favorable respecto da desmontaxe da edificación, debéndose manter as fachadas da edificación.

.06.07. Promotor: ..... Presentación de Anexo, con Plano do Estado Actual e Plano de Proposta, coa finalidade de obter ó Informe - Proposta favorable da Comisión de Seguimento.

20.06.07. Inf. Téc. RIB/N/28.1/07: Respecto da documentación presentada:

- Na Planta Segunda, Estado Actual, o cerramento de fachada respecto da galería está representado dun grosor que asemella pedra, na actualidade é de barrotillo.

- No Alzado Posterior, Estado Actual, axustarase á realidade os ocos dos alzados laterais.

Respecto das Ordenanzas xerais do P.E.P.R.I.:

- Artigo 29.- Elementos saintes e de coroación de fachadas: beirís, cornixas e petos: Aínda que no Proxecto Básico presentado quedan sen definir os aleiros de cuberta, no Proxecto de Execución deberán axustarse ás condicións do artigo anterior.

- Artigo 47.1.- Fachadas: Aparentemente os recercados de planta baixa están executados con morteiro de cemento, de se lo caso deberán eliminarse.

- Artigo 50.- Cubertas: Na Memoria do Proxecto Básico, defínese a cuberta con tella plana; en base o presente artigo deberá executarse con tella curva.

- Artigo 51.- Carpintería Exterior de Ocos de Fachada: Na Memoria do Proxecto Básico, proxéctase a carpintería de madeira vernizada ou pintada; en base o presente artigo deberá de executarse con acabado pintado.
  - Artigo 60.- Reixas e pechamentos de seguridade en baixos comerciais: No presente Anteprojecto, mantéñense os capitalzados das persianas do local de planta baixa, que deberán de eliminarse en base o presente artigo.
  - Artigo 58. Supresión de cables e antenas: No Proxecto de Execución a redactar, deberá facerse referencia á ubicación da antena, que deberá colocarse de forma que sexa o menos visible dende a rúa.
- 29.06.07. Comisión Seguimento: Informe Proposta: préstase conformidade ó Informe da Oficina de Rehabilitación:
- 09.11.07. Promotor: .....Presentación de Proxecto Básico Modificado e de Execución e Oficio de Dirección do arquitecto D. Manuel Vidal García.
- 16.11.07. Inf. Arqueólogo:.....Necesidade de presentación de proxecto de control arqueolóxico.
- 16.11.07. Inf. Vía telefónica:.....Respecto da documentación presentada:
- O canto do forxado na galería deberá cumprir o Artigo 28 (12 cm.).
  - O canto dos aleiros de cuberta deberán cumprir o Artigo 29 (15 cm.).
  - A cimentación presentada contradí o planteamento de mantemento de fachadas e muros interiores. ¿Execución de piares en muros medianeiros de pedra?
  - Existe contradición: na Memoria, dise que os chanzos das escaleiras serán en mármore e no Presuposto defínense en carballo.
  - A carpintería exterior defínese con acabado vernizado, deberá ser pintada segundo o Artigo 51.
  - Representarase a situación real da carpintería exterior respecto dos muros.
- 08.02.08. Promotor: .....Presentación de Proxecto de Control Arqueolóxico redactado polo arqueólogo D. Celso Hugo Barba.
- 07.02.08. Promotor: .....Presentación de Modificacións do Proxecto Básico Modificado e de Execución.
- 29.02.08. Inf. Arqueólogo: .....Necesidade de remisión do proxecto de control arqueolóxico á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte.
- 29.02.08. Concello: .....Remisión do proxecto de control arqueolóxico á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte.
- 17.03.08. Inf. Téc. RIB/N/28.2/07: Respecto da documentación presentada, Modificacións do Proxecto Básico Modificado e de Execución:
- \* Memoria Construtiva e de acabados modificada. carpintería e cerraxeiría: a carpintería exterior deberá ser pintada, segundo o artigo 51 das ordenanzas do P.E.P.R.I.
  - \* Plano de Cimentación e Posta a Terra: a cimentación proxectada, a base de zapatas illadas baixo piares, contradí o planteamento de mantemento de fachadas, muros interiores e muros medianeiros.
  - \* Planos de Planta Baixa, 02-A e 04-A, e Plano de Sección Lonxitudinal: aparece grafada unha zona de ampliación da planta baixa, que se converte en planta soto respecto á fachada posterior. Dado que esta ampliación de planta baixa supón unha modificación substancial respecto do Proxecto Técnico inicialmente entregado, deberá ser obxecto de Informe Previo da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I.
- \* Deberá definirse o tratamento do patio posterior, así como do cerramento do mesmo.
- 04.04.08. Cª Cultura: .....Autorización da realización dun control arqueolóxico.
- 24.04.08. Promotor: .....Presentación de Modificacións do Proxecto Básico Modificado e de Execución.
1. A porta de acceso ó edificio restaurarase e pintarase na súa cor orixinal. Para as carpinterías das ventás optarase por unha pintura ó aceite en cor branca.
  2. Proponse a execución de zapatas excéntricas na fachada principal. Así como a ampliación da planta baixa cara ó patio posterior.
  3. O patio posterior resólvese mediante cuberta axardinada cunha beirarrúa de pedra granítica abuxardada e o interior axardinado con céspede. O cerramento posterior será de 2 m. de alto do mesmo material de revestimento da fachada posterior.
- 06.05.08. Inf. Téc. RIB/N/28.3/07: Respecto da documentación presentada, Modificacións do Proxecto Básico Modificado e de Execución:
- Infórmase favorablemente a ampliación proposta para a planta baixa, por entender que se atopa dentro da alineación fixada pola normativa do P.E.P.R.I., e non supón modificación do volume apreciable visualmente na fachada posterior da edificación.

- Sen embargo, para a concesión da Licenza de Obras solicitada deberá de presentarse a documentación técnica que defina a citada ampliación.
- 29.05.08. Comisión Seguimento: Informe Proposta: préstase conformidade ó Informe da Oficina de Rehabilitación:
- 09.06.08. Promotor: .....Presentación de Proxecto de Telecomunicacións, firmado polo enxeñeiro superior de telecomunicacións D. Julio Pérez Formoso.
- 17.07.08. Promotor: .....Presentación de documentación:  
Plano 08 - B. Cimentación e posta a terra.  
Plano 18 - B. Sección por fachada; memoria de carpintería.  
Plano 19 - B. Detalle de Urbanización do patio posterior.  
Plano 20 - A. Planta Baixa modificada (cotas e instalacións).
- 06.05.08. Inf. Téc. RIB/N/28.4/07: Respecto da documentación presentada:  
Existe contradición entre o *plano 08 – B. Cimentación e posta a terra e o plano 20 - A. Planta Baixa modificada* que se presentan.  
Axuntarase ademais o Presuposto que recolla as partidas da modificación que se proxecta.  
Deberán presentarse Oficios da dirección executiva das obras e da coordinación en materia de seguridade e saúde.  
A documentación técnica deberá estar visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

#### INFORME:

Vista a documentación de referencia, considero oportuno informar o seguinte:

O “Proxecto Básico de Rehabilitación de Edificio de vivendas”, con data de visado de 26 de setembro de 2007; o “Proxecto Básico Modificado e de Execución de Rehabilitación de Edificio de vivendas” e o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, con data de visado de 8 de novembro de 2007; e o seu Anexo, con data de visado de 18 de decembro de 2008; están redactados polo arquitecto D. Manuel Vidal García, estando o seu cargo a Dirección Facultativa das Obras.

Non se adxunta os Oficios de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde.

O Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións, con data de visado colexial de 6 de xullo de 2008, está redactado polo enxeñeiro superior de telecomunicacións D. Julio Pérez Formoso.

Conta con Autorización da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a realización dun control arqueolóxico baixo a dirección do arqueólogo D. Celso Hugo Barba Seara.

#### \* SITUACIÓN E CONDICIÓN URBANÍSTICAS:

A edificación atópase situada dentro da delimitación do Conxunto Histórico de Ribadavia, polo que se entende que está exenta da paralización de Licenzas inherentes á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, apartado f) do acordo de aprobación inicial, xa que no citado documento non se recollen modificacións neste ámbito.

As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, Plan Especial de Protección e Reforma Interior, e recollidas no *artigo 21. Obras Permitidas*; proxectándose o uso comercial en planta baixa e o uso residencial en plantas altas, que se inclúen como usos protexido ou recomendados no *Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso das Ordenanzas da citada normativa*.

A Documentación Técnica presentada axústase ás condicións da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I., nas súas sesións de data de 2 de outubro de 2006, 29 de xuño de 2007 e 29 de maio de 2008.

#### \* CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO:

**DATA DE VISADO DO PROXECTO BÁSICO: 26 de setembro de 2007.**

**DATA DE VISADO DO PROXECTO BÁSICO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN: 8 de novembro de 2007.**

**DATA DE VISADO DO ANEXO: 18 de decembro de 2008.**

**A edificación que se pretende rehabilitar está composta por unha planta baixa para uso comercial; dúas plantas altas, para uso de vivendas, distribuídas dúas por planta; e planta baixo cuberta destinada a rocho.**

Planta.....	superficie construída.....	Uso
Baixa.....	134,49 m <sup>2</sup> .....	comercial e portal.
Primeira.....	211,92 m <sup>2</sup> .....	2 vivendas.
Segunda.....	171,01 m <sup>2</sup> .....	2 vivendas.
Baixo Cuberta.....	51,11 m <sup>2</sup> .....	rocho.
Total.....	568,83 m <sup>2</sup>	

**O Presuposto de Execución Material que se estima no Anexo ó Proxecto Básico e de Execución presentado é de 190.826,16 € (cento noventa mil oitocentos vinteseis euros con dezaseis céntimos).**

**En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada.**

**Antes do Inicio das Obras deberán presentarse os correspondentes Oficinos de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde; así como un exemplar do Anexo.**

**O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.**

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

- 1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.
- 2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.
- 3.- En base a argumentación exposta, en principio a licenza para rehabilitación de edificio, trátase dunha obra maior que precisa de proxecto técnico.
- 4.- De acordo co art. 16 do PEPRI ao tratarse dunha obra maior precísaríase do dictamen da Comisión de seguimento que foi obtido o 29.05.08 con carácter favorable.
- 5.- De conformidade co art. 21 do PEPRI as obras que se pretenden realizar son obras permitidas e respecto do uso o Capítulo I do Título 6º permite o uso residencial que aparece recollido como protexido ou recomendado
- 6.- Por último como se desprende do informe da arquitecto de data 16.02.09 a actuación que se pretende realizar non está afectada pola suspensión de licenzas.

## **CONCLUSIÓN**

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para reforma de vivenda.”

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** rehabilitación de edificio.

**Contía na que se orzan as obras:** 190.826,16 €

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Progreso nº37, Ribadavia

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** don Manuel Vidal García

**Nome ou razón social do promotor:** RESIDENCIAL RIBADAVIA, S.A.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 190.826,16 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 4.961,48€ a ingresar.

**Condicións técnicas:** Antes do inicio das Obras deberán presentarse os correspondentes Oficios de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde; así como un exemplar do Anexo.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **1º.- CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS**

“Vista a solicitude de **dona M<sup>a</sup> del Carmen Santamaría Rey** con domicilio na Estrada da Franqueirán nº13-3ºE, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Porta Nova de abaixo nº16, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **dona Cesárea Blanco Fernández** con domicilio na Rúa Diego de Muros nº14-1º, Santiago de Compostela, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo para o inmovible sito na Rúa Grande nº38, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **don Perfectino Iglesias Blanco** con domicilio na Rúa Pequena nº3, 32416, San Cristovo, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo para o inmovible sito na Rúa Pequena nº9, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **dona Begoña Crujeiras Gómez en repres. De Flora Gómez Alonso** con domicilio na Estrada OU-201, nº115 c/v Rúas Freás, San Cristovo, no que solicita

subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo para o inmovible sito na Estrada OU-201, nº115 c/v Rúas Freás, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

## **2º.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

“Solicitude de información urbanística interesada por **don José E. Vidal Canto**, con domicilio na Rúa do Pouso nº19, Francelos con número de rexistro de entrada 7577. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 13.02.09 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Camiño Travesas, Antigo Campo de Fútbol, Francelos (REF CAST: 9812324NG6891S0001BS) , a solicitude de don José E. Vidal Canto, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

“Solicitude de información urbanística interesada por **don José E. Vidal Canto**, con domicilio na Rúa do Pouso nº19, Francelos con número de rexistro de entrada 7578. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 13.02.09 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Camiño Travesas, Antigo Campo de Fútbol, Francelos (REF CAST: 9812325NG6891S0001YS) , a solicitude de don José E. Vidal Canto, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

## **3º.- ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **dona M<sup>a</sup> Asunción Álvarez Giráldez**, con domicilio na rúa Extramuros nº24-2º drcha, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Ernesto González García**, con domicilio na Estrada de Francelos nº32-1ºB, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo

4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **dona Almudena Fernández Martínez**, con domicilio na Avda. de Redondela nº4-2ºD, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don José Luis Fernández Diéguez**, con domicilio en Ventosela nº21, 32416 Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **NOVALINEA**, con domicilio na Rúa Ribeiro nº31-baixo, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de data 09.02.09 con nº RE 1156 comunicando a resolución de expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Parcela 137, sito en San Andrés, término municipal de Ribadavia por petición de dona Mª José Dieguez Pérez.

2º.- Dase conta por parte do secretario do convenio de colaboración suscrito entre don José Luis Baltar Pumar, presidente da Deputación Provincial de Ourense, don Carlos Alberto Montes Marqués, alcalde do Concello do Carballiño e don José Ingacio Gómez Pérez en representación do alcalde de Ribadavia.

3º.- Dase conta por parte do Secretario da formalización do “Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Asociación de discapacitados físicos de Carballiño e

comarca para recollida selectiva de aceites fritos usados, pilas, cartón, papel, plásticos, cartuchos de impresora, fax”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **PETICION DE SUBVENCIONS.-**

“Vistas as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables aprobadas polo Instituto Enerxético de Galicia por Resolución de data 06.06.08, publicadas no D.O.G. nº 173, de 8 de setembro de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.

Segundo.- Prestar aprobación o proxecto para o que se solicita a subvención de acordo coa memoria obrante no expediente e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos no referida Resolución.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo o Instituto Enerxético de Galicia.”

### **ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2008 POLA QUE SE REGULAN AS BASES QUE REXERAN AS SUBVENCIONS DIRIXIDAS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA O FOMENTO E REALIZACION DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO.**

“Vista a Orde de 31 de Decembro de 2008 pola que se regulan as bases polas que rexeran as subvencións dirixidas a Concellos e Mancomunidades de Municipios para o fomento e realización de actividades de, publicada no DOGA nº 22, de 2 de febreiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o fomento e realización de actividades de voluntariado, de acordo co artigo 6.2.d) da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 6 da mesma”.

### **APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2009, por importe de 226.885,28 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 2 de Marzo e o 30 de Abril de 2009.”

### **INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO.-**

“En relación co Decreto 347/1998, do 18 de decembro, pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego, de Dona Pilar Selas Chao, de Ocio e Tempo Libre (ENTRETEMPO. XESTION EDUCATIVA DO LECER”, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente pola Axencia de Desenvolvemento Local, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego, a Dona Pilar Selas Chao, para a creación dun Centro de Ocio e Tempo Libre denominado “ENTRETEMPO. XESTION EDUCATIVA DO LECER”, e continuar a tramitación do devandito expediente.”

“En relación co Decreto 347/1998, do 18 de decembro, pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego, de Dona Carla Varela González, de Taller de Cosmética Natural (NATURAVIA), para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente pola Axencia de Desenvolvemento Local, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego, a Dona Carla Varela González, para a creación dun Taller de Cosmética Natural, denominado NATURAVIA, e continuar a tramitación do devandito expediente.”

#### **ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO DO CEMINTERIO DE SAN CRISTOVO”**

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra “Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo”, segundo proxecto redactado polas arquitectas dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez, e con data de acta de replanteo de 19 de xaneiro de 2009.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó nove de xaneiro de 2009, publicándose no perfil do contratante o 26.01.09 e invitándose as empresas o 27.01.09: INSTALVAZ OURENSE, S.L., CONSTRUMAR, S.C. e MILCONS, S.L., procedéndose a abxudicación provisional mediante acordo de data 09.02.09 a empresa MILCONS, S.L, que na presentación inicial do sobre A se acreditou estar ao corrente das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, e consignando o importe de garantía definitiva (2585,60€) en data de 16.02.09

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Abxudicar definitivamente a obra “Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo”, a empresa MILCONS, S.L.

2- Nomear como dirección de obra a dona Mercedes Álvarez López, arquitecta municipal.

3- No prazo de 15 días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo, que será informado por técnico competente antes da súa aprobación.

4-A formalización do contrato realizarase dentro dos 30 días naturais seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo e dentro dos 15 días seguintes o adxudicatario deberá presentar un programa de traballo para que sexa aprobado polo órgano de contratación.

5-Antes do inicio das obras debe incorporarse a acta de comprobación del replanteo.

6- Antes do inicio das obras o contratista deberá acreditar por cualquier medio válido admitido en dereito a contratación dun número de cinco traballadores desempregados de conformidade co previsto na cláusula 15º apartado f do Prego de cláusulas administrativas particulares.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO